

# A reválida de 4º de ESO

*Curso 2108-19*



# **Que son as reválidas**

**Son probas de avaliación individualizadas con resultados específicos para cada suxeito**



# **A LOMCE establece evaluaciones individualizadas (reválidas) en educación primaria e secundaria.**

En concreto en:

- 3º de Primaria. Todo o alumnado
- 6º de primaria. Mostra de centros
- 4º da ESO. Mostra de centros
- ~~2º Bacharelato. (Paralizada)~~

# **Reválida de 4º de ESO**

## **Regulada por..**

- LOMCE
- Real Decreto 310/2016,
- Real Decreto lei 5/2016
- Orde EFP/196/2019
- Orde ECD/65/2018 (4º ESO)
- Resolución de 16 de abril de 2019 (4º da ESO)

# **LOMCE**

**Aprobado no parlamento español o inicio  
dos trámites para suspender a LOMCE  
(novembro 2016)**

**Consello escolar do estado recomenda a  
súa derogación ( informe 2016)**

**Aplicación distinta en función das CCAA**

# **REVÁLIDA DE 4º DE ESO**

Carácter mostral, (pero nominal)

Finalidade diagnóstica

Con vistas a mellorar a calidad e equidade  
do sistema educativo

Valorará o grao de adquisición da  
competencia matemática, lingüística e da  
competencia social e cívica

# Reválida de 4º ESO

<b>Sobre Que</b>	-Competencia matemática (académicas e aplicadas) -Competencia lingüística (castelá, galego e 1ª lingua estranxeira) -Competencia social e cívica (Xeografía e Historia)
<b>Cando</b>	<b>28 e 29 de maio de 2019</b>
<b>Onde</b>	Nos centros educativos galegos, públicos, privados e concertados seleccionados (mostra)
<b>quen</b>	O alumnado que asiste esos días

# Materiais

<b>Cuadernos de probas</b>	1 para cada competencia
<b>Cuestionarios contexto (dixital ou papel)</b>	Profesorado titor Dirección do centro Alumnado Familias



<https://www.inspiracionyresultados.com/single-post/2017/05/08/%C2%25BFQu%C3%25A9-opinas-6-pasos-sobre-feedback>

## **Organización das probas**

**Aplicadas e correxidas por profesorado que non imparta docencia ao alumnado avaliado**

**Cada proba de 60 minutos. Descanso de 15 minutos entre probas consecutivas (Orde ECD/65/2018).**

**Puntuación de 1 a 6**

# Organización das probas

## Comisións de coordinación de centro

Formadas polo director-a, o xefe-a de estudos, e de se lo caso, o orientador-a e un titor-a de 4º curso.

-informar á comunidade educativa, planificar e coordinar, custodiar material, seleccionar docentes para a aplicación, medidas para alumnado NEAE

## Comisión local de avaliación

En cada sede territorial de inspección educativa: entre 3 e 6 inspectores, cando menos 2 directores, e se ser o caso, 2 profesores/as.

-facilitar información aos centros,

-Coordinar aplicación e corrección.

Poderá haber subcomisións con especialistas nas materias das probas

## **ALUMNADO CON NEAE**

As probas adaptaranse as necesidades deste alumnado; que fará a mesma proba que o resto, con carácter xeral, pero adaptándolle as condicións de realización en tempos, formatos ou medios materiais e axudas técnicas.

O alumnado que teña unha adaptación curricular avaliarase de acordo con ela, serán os titores quen farán a adaptación das probas ás súas características, co asesoramento do resto do equipo docente e D. Orientación. Os resultados non computarán para o cálculo dos datos globais.

## **ALUMNADO CON NEAE**

O alumnado que leve menos dun curso en Galicia, e que non teña a competencia lingüística abonda terá asesoramento para facela, pero os seus resultados non computarán para o cálculo dos datos globais.

# Informes

Elaborarase un informe en que se reflectirán os resultados obtidos expresados de 1 a 6. Os resultados poranse en coñecemento da comunidade educativa considerando os factores socioeconómicos e culturais do centro.

Os centros obterán un informe de centro

**Segunda corrección dunha mostra de cuadernos como control do proceso de corrección**

# Datos de carácter persoal

## Cuestionario para as familias

Os datos de carácter persoal estarán nun ficheiro custodiado pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación.

As familias terán o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición a que se conserven esos datos.

# DESMONTANDO AS REVÁLIDAS DA LOMCE



# Proba estandarizada

- *Descontextualizada*
- *Final*
- *Puntual*
- *Resultados condicionados polas circunstancias dese día,*
- *Sen ter en conta procesos*

*Proba que xera tensión, nervios innecesarios*

# **Para que din que vale..**

**Finalidade diagnóstica**

**Con vistas a mellorar a calidade e equidade  
do sistema educativo**

**Valorará o grao de adquisición da  
competencia matemática, lingüística e da  
competencia social e cívica**

## **Comprobar o grao de de adquisición da competencia matemática, lingüística e da competencia social e cívica**

- *E as outras competencias non son relevantes, non forman parte da formación integral do alumnado?*
- 

**As materias “de segundo nivel” terán menor importancia, traballaranse más aquellas materias “avaliables”.**

## **Comprobar o grao de adquisición da competencia matemática, lingüística e da competencia social e cívica**

Non o sabe o profesor/a? quen ten información mais completa, contextualizada, procesual, continua..?  
Non o fai o profesor/a de cada materia ao longo do curso?

*Despreza publicamente o traballo do profesorado, xa que os resultados do centro e do alumnado non se valoran por un curso completo senón por un exame puntual no que non se permite a súa participación.*

## **Comprobar o grao de adquisición da competencia matemática, lingüística e da competencia social e cívica**

Dime como te avalían e te direi como te ensinan e como aprendes

*Condiciona o ensino, centrado  
moitas veces na preparación dun  
tipo de probas e dunhas areas  
determinadas*

*Estrés por dar todo o currículum  
antes das probas*

# **Finalidade diagnóstica**

**Diagnósticar que?**

*Dificultades de aprendizaxe?*

*Deficiencias do sistema educativo? Dos centros?*

- **Probas puntuais ao alumnado de 4ºESO**
- **Centrado no rendemento**

# **Con vistas a mellorar o sistema educativo**

*Os puntos fortes e febles dun sistema non poden coñecerse a través da avaliación puntual e parcial de parte do alumnado.*

Precisariase dunha análise profunda dos distintos elementos que o compoñen: o currículum, as metodoloxías didácticas, os recursos, os profesionais, os medios cos que contan, a formación contínua...Non se recollerían datos todos os anos

Puntos febles do sistema: faltan profesionais de apoio, ratios elevadas, escasos medios..

***Recae sobre o alumnado destes centros a posible mellora da calidade do sistema educativo ?***

# **Con vistas a mellorar a equidade do sistema educativo**

- *A pretensión da mellora da equidade do sistema educativo non pode basearse na medición das competencias relativas a cinco areas curriculares dunha mostra de alumnado dun curso de secundaria*
- *A equidade implica acceso a medios, igualdade de oportunidades, atención á diversidade, participación da comunidade educativa, dotación de profesionais, de servizos complementarios..*

***Equidade baseada no rendemento***

# **Con vistas a mellorar o sistema educativo**

- Pero todo se reduce a emitir un informe global cos resultados das puntuación obtidas nestas competencias.
- Non hai unha intención real de mellorar o sistema educativo

*Avaliación  
inutil*

# Serve para ....

- Considerar competencias de primeira e de segunda clase.
- Condicionar o proceso de ensino durante o curso de 4º ESO.
- Incrementar o traballo administrativo do profesorado e dirección.
- Gastar recursos públicos na súa planificación, xestións, corrección, emisión de informes..
- Crear clasificacións de colexios, de grupos, de alumnado, de profesorado, de equipos docentes, de zonas xeográficas..., rompendo o principio de equidade que debe gobernar a escola pública; pero tamén rompendo cos escasos logros conseguidos na inclusión da diversidade
- **Retroceder na procura dun ensino integral e inclusivo**

# Por todo isto.. NON AS REVÁLIDAS Non Á LOMCE

